

TALLERES DE NADAL

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
21-22 de decembro de 2019

Actividade de balde. É preciso inscribirse.

Este Nadal realizaremos catro talleres arredor de dúas das exposicións que temos en curso. Achegarémonos á arte contemporánea desde o lecer, mergullándonos nos procesos creativos a través das múltiples linguaxes, soportes, materiais, técnicas e conceptos da arte máis actual.

Visitaremos a mostra do artista Jesús Madriñán, que traslada ao museo a súa experiencia no Camiño de Santiago a través dos retratos das xentes que foi atopando durante a viaxe. Estes retratos servirannos para desenvolver un taller didáctico sobre as múltiples posibilidades deste xénero.

Pasearemos xunto ás obras do artista Pedro Cabrita Reis para gozar dos seus obxectos atopados, da idea da construción a partir da destrución e das súas intervencións no espazo.

Son eu?

Sábado, 21 de decembro

De 11:00 a 13:00 h para nenos e nenas de 4 a 6 anos. Prazas: 15

De 17:00 a 19:00 h para nenos e nenas de 7 a 9 anos. Prazas: 20

As rúas e monumentos de Compostela falan da historia do Camiño de Santiago. Os peregrinos xa forman parte da paisaxe da nosa cidade.

Neste obradoiro visitaremos a exposición de Jesús Madriñán e analizaremos as múltiples identidades dos seus retratos. Iremos observalos con curiosidade para imaxinar quen son, de onde veñen, cales serían os seus motivos para emprender a viaxe, que levan nas súas mochilas...

Iremos na procura de retratos *roubados* aproximándonos ao concepto *urban sketchers*, un fenómeno de ámbito mundial que propón falar da cidade *debuxo a debuxo*.

En contraposición ao *selfie* rápido, á instantánea, pararemonos para autorretratarnos e preguntarnos como nos vemos, como nos ven, se hai algún obxecto que nos represente, que música fala de nós, cal é a parte do noso corpo coa que máis nos identificamos, cales son os nosos xestos máis característicos ou cales son os trazos do noso carácter.

Viaxe espacial

Domingo, 22 de decembro

De 11:00 a 13:00 h para nenos e nenas de 4 a 6 anos. Prazas: 15

De 17:00 a 19:00 h para nenos e nenas de 7 a 9 anos. Prazas: 20

A nosa misión como investigadores da arte será explorar a exposición de Pedro Cabrita Reis na procura de cores e sensacións, materiais e formas, lembranzas e experiencias propias.

Pedro Cabrita Reis consegue crear novos espazos no museo con pezas *site specific*. Nesta exposición veremos proxectos como *Favorite Places* ou *Foresta* que nos servirán para construír no espazo do taller mundos imaxinados, lugares ideais, bosques do futuro...

Crearemos obras con materiais de diversas texturas, pensadas para ser percibidas a través do tacto.

INSCRICIÓN

Os talleres son gratuítos. As solicitudes de inscrición poderán presentarse a partir do 5 de decembro de 2019 enviando unha mensaxe de correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. As persoas interesadas deberán indicar os seguintes datos: nome completo e idade dos nenos e nenas participantes, número de teléfono, enderezo de correo electrónico, nome e hora do taller no que desexan inscribirse. Poderase inscribir un máximo de dous participantes mediante cada solicitude. Cada unha das persoas solicitantes recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Recomendamos que os nenos e nenas traian roupa e calzado para a choiva e que se poida manchar.

Actividade en colaboración con Pasearte

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Rebeca Mariño

DIRECCIÓN: Virginia Villar

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602/631

cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia